Faise saber que ó abeiro da Ordenanza Fiscal Xeral o enderezo fiscal de cada contribuínte é único perante o Concello de Lugo e coincidirá co de empadramento, salvo notificación expresa ó Concello doutro diferente. Ó citado enderezo fiscal remitiránse todos os recibos do contribuínte.

Así mesmo faise saber ós contribuíntes e interesados de que a partir do vindeiro día 20 de abril ao 20 de xuño do ano 2023, ambos inclusive, pónse ó cobro en período voluntario o padrón de recibos do Imposto sobre Bens Inmóbeis de natureza urbana e do Imposto sobre Bens Inmóbeis de natureza rústica correspondentes ao exercicio 2023.

Para o cobramento dos citados tributos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, éstos seránlles cargados nas contas bancarias respectivas. A domiciliación do Imposto sobre Bens Inmóbeis de natureza urbana implicará o seu fraccionamento en dous períodos, de xeito que o primeiro cargo realizarase o día 5 de xuño polo importe do 50 % do recibo e o segundo cargo o día 5 de setembro polo importe do restante 50 % do recibo. A devolución do primeiro cargo por parte da entidade financeira implicará que o suxeito pasivo queda obrigado ó pagamento da totalidade do recibo antes de que remate o período voluntario de pagamento, perdendo a posibilidade do seu fraccionamento e do segundo cargo.

Para o resto dos contribuíntes, os documentos de cobro seránlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pagamento en calquera oficina de Abanca, Caixabank, BBVA, Banco Sabadell, Caixa Rural Galega e Correos. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais, sitas na Ronda da Muralla, nº 197- 2º andar (Facenda Local), para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectua-lo pagamento das débedas, poderase realizar o mesmo incrementado cun 5% de recargo executivo ata o día 20 de xullo de 2023 utilizando o mesmo recibo en calquera das oficinas de Abanca, Caixabank, BBVA, Banco Sabadell, Caixa Rural Galega e Correos; todo isto sen prexuízo de que se poida iniciar o procedemento de constrinximento, co recargo, xuros e custas que se poideran producir.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Lugo, 14 de abril de 2023.- A TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 1249

Anuncio

DECRETO Nº: 3524/2023 do 20/04/2023

Ima. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 19 de maio de 2021 adoptou o acordo 10/299 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A CATRO PRAZAS DE TÉCNICA/O MEDIA/O DE XESTIÓN PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (TRES INCLUÍDAS NA OEP 2017 E UNHA INCLUÍDA NA OEP 2020)

- Polo Decreto nº 11377/2021 do 22/12/2021 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade catro prazas de TECNICO/A MEDIO XESTION do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (TRES INCLUÍDAS NA OEP 2017 E UNHA INCLUÍDA NA OEP 2020),

- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 4 de maio de 2022 adoptou o acordo 11/252 APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE LUGO, LEI 20/2021 DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (BOP Lugo núm. 110 de 14 de maio de 2022) no que entre outros puntos acórdase:

Deixar sen efecto parcialmente, a Oferta de emprego público do Concello de Lugo correspondente á anualidade de 2017 (unha praza de acceso por promoción interna Técnico/a Medio Xestión) e desistir do proceso selectivo convocado de dunha praza de acceso por promoción interna Técnico/a Medio Xestión (OEP 2017)

- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 1 de xuño de 2022 adoptou o acordo 6/299 MODIFICACIÓN DO ACORDO 10/299 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 19 DE MAIO DE 2021 DE APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A CATRO PRAZAS DE TÉCNICA/O MEDIA/O DE XESTIÓN PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (TRES INCLUÍDAS NA OEP 2017 E UNHA INCLUÍDA NA OEP 2020.)

- Polo Decreto Nº: 7528/2022 do 21 de xullo de 2022 resolveuse modificar o Decreto nº 11377/2021 do 22 de decembro de 2021 no seu apartado primeiro e convocando o proceso selectivo para o acceso en propiedade tres prazas de TECNICO/A MEDIO XESTION do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (DÚAS INCLUÍDAS NA OEP 2017 E UNHA INCLUÍDA NA OEP 2020), que se rexerá polas BASES ESPECÍFICAS aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 19 de maio de 2021 e modificadas na sesión ordinaria do 1 de xuño de 2022.

- No «Boletín Oficial de la Provincia de Lugo» número 299, do 31 de decembro de 2021, con rectificación no número 174, do 1 de agosto de 2022, publicáronse íntegramente as bases que rixen dita convocatoria, extracto do mesmo no «Diario Oficial de la Galicia» número 50, do 14 de marzo de 2022, con rectificación no número 181, de 22 de setembro de 2022 e publicación no BOE número 237 do 3 de outubro de 2022.

Unha vez rematado o proceso selectivo, o Tribunal cualificador en sesión celebrada o 15.02.2023, ACORDOU:

Publicar a relación de aprobados no proceso selectivo de 3 prazas de técnico/a medio de xestión (A2) do Concello de Lugo mediante promoción interna para elevar ao órgano competente para os efectos da súa publicación no BOP de Lugo é a seguinte:

1ª.- Eva María Seoane Cazón

Acordando, igualmente, publicar que ao aprobar o proceso selectivo unha única aspirante quedan desertas dúas das tres prazas convocadas de técnico/a medio de xestión (A2) do Concello de Lugo.

As aspirantes disporán dun prazo de 5 días hábiles para presentar alegacións contra as cualificacións finais do proceso selectivo e relación de aprobados, que serán resoltas polo Tribunal.

Contra as resolucións e actos de trámite do tribunal, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local.

O prazo de interposición será dun mes.

En base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Facer pública a relación da aspirante aprobada no referido procedemento selectivo, de conformidade coa base décimo oitava das Bases Xerais para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de

funcionarios e de persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno Local día 2 de xuño de 2010 e modificadas polo citado órgano o 22 de decembro de 2010, 15 de outubro de 2014 e 5 de decembro de 2018:

TÉCNICO/A MEDIO DE XESTIÓN (A2):

Dona Eva María Seoane Cazón con DNI ***2973**

SEGUNDO.- A opositora aprobada, de conformidade coa base décimo novena das Bases Xerais referidas, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima), os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- a) Fotocopia compulsada do documento que acredite posuír a titulación esixida.
- b) Declaración xurada de non estar separada do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgún punto das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- c) Certificado que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función.
- d) Dúas fotografías tamaño carné.

Quen tivese xa a condición de funcionario público estará exento de xustificar as condicións e os requisitos acreditados para obter o seu anterior nomeamento, e deberá presentar soamente unha certificación que acredite a súa condición de funcionario e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal e a xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso.

Os/as aspirantes aprobados que, dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida ou dela se deducise que carecen dos requisitos esixidos nas correspondentes convocatorias, non poderán ser nomeados, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia.

TERCEIRO.- Declarar deserta a convocatoria do proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de Técnico/a Medio de Xestión pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (1 incluída na OEP 2017 e 1 incluída na OEP 2020)

CUARTO - Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.
- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

R. 1250

MEIRA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE PARA DESAFECTACIÓN DE PARTE DUN CAMIÑO PÚBLICO EN SEIXOSMIL (CONCELLO DE MEIRA)

O Pleno do Concello de Meira, en sesión celebrada en data 20 de abril de 2023, acordou a aprobación inicial do expediente para a desafectación de parte do camiño público sito no lugar de Seixosmil e pertencente á parcela catastral 27029A059090040000PT situada entre as parcelas números 73 e 75 do polígono 59 e cunha superficie aproximada de 279 metros cadrados.

O que se fai público de conformidade co establecido no artigo 8.2 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xullo, regulamento de bens das entidades locais, a fin de que no prazo dun mes desde a súa publicación se poida examinar o expediente nas dependencias administrativas do Concello de Meira e efectuarse as alegacións que se estimen pertinentes.

Meira, 21 de abril de 2023.- O Alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 1251

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio***APROBACIÓN PADRÓN FISCAL IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 27.03.2023 aprobouse o padrón do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do exercicio 2023.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, Reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 13 da Ordenanza xeral dos ingresos municipais de dereito Público, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 14.04.2023 ata 14.06.2023.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polos conceptos sinalados, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 3) A través da páxina web do Concello www.monfortedelemos.es

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 18 de abril 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022.- A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1252

*Anuncio***APROBACION PADRÓN PREZO PUBLICO CONSERVATORIO 3ª FRACCIÓN MATRÍCULA CURSO 2022-2023**

Por Xunta de Goberno Local do día 27.03.2023 aprobouse o Padrón do Prezo Público Conservatorio Terceira Fracción Matrícula curso 2022 -2023.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003,de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporanse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria , fíxase como prazo de pagoen período voluntario dende o 12.04.2023 ata o 12.06.2023.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 18 de abril 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022.- A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1253

MONTERROSO

Anuncio

Mediante Resolución da Alcaldía, de data 26 de decembro de dous mil vinte e dous, aprobáronse as bases que regularán as convocatorias de diversos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Monterroso.

BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA E PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA POR CONCURSO-OPOSICION, MEDIANTE FUNCIONARIO, DUNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO, INCLUÍDA NA OEP DO CONCELLO DE MONTERROSO DO ANO 2022 PARA ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL

PRIMEIRA.-OBJECTO E PREVISIÓNS XERAIS.

1. A presentes bases teñen por obxecto a regulación da convocatoria e proceso selectivo para a cobertura, mediante funcionario, dunha praza de auxiliar administrativo, que ten sido obxecto de inclusión, para concurso-oposición, na súa oferta de emprego público do ano 2022 para estabilización de emprego temporal aprobadas por Resolución da Alcaldía n.º 2022-0295, do 30/05/2022 (BOP n.º 123, do 31/05/2022, e no DOG n.º 120, do 23/06/2022).

Apróbanse ao amparo e en desenvolvemento do disposto, con carácter xeral e básico, nas bases xerais reguladoras das convocatorias e procesos selectivos para a cobertura, das vacantes incorporadas na OEP de estabilización de emprego do ano 2022, ás que se adecuarán e remitirán en todo o non especificamente previsto.

2. O sistema selectivo empregado será o concurso-oposición, que se desenvolverá con arranxo ao previsto nas presentes bases específicas e, no que proceda, nas anteditas Bases Xerais.

SEGUNDA.-CARACTERÍSTICAS DA PRAZA CONVOCADA.

Clase de persoal: funcionario.

Denominación: auxiliar administrativo.

Código RPT: PF06

Clasificación: C-C2

Funcións.-As correspondentes ao posto e servizo de adscrición, segundo RPT municipal e/ou instrumento organizativo equivalente e vixente en cada momento, e que resulten propias da capacitación profesional, formativa e/ou legal inherentes.

Retribucións.-As básicas propias do seu grupo/subgrupo de clasificación profesional, así como as complementarias fixadas, para o posto de adscrición correspondente, na RPT vixente (e sen prexuízo daquelas de índole persoal e/ou variables ás que, no seu caso, se poida ter dereito).

Xornada de traballo: completa.

TERCEIRA.-REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Para tomar parte nesta convocatoria e proceso selectivo, as e os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes de participación:

- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do TREBEP, respecto do acceso ó emprego público de nacionais doutros estados.
- Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza ou posto a que aspira.
- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para

empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario no que estivese separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en

situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

e) Estar en posesión ou en condición de obter o día da publicación desta convocatoria do título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Así mesmo, estarase ao establecido na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada mediante a Orde EDU/520/2011, do 7 de marzo.

Para os efectos desta convocatoria o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, substitúan ás titulacións extinguidas.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea

f) d) Estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do CELGA 2 ou acreditación do coñecemento de lingua galega equivalente.

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación;

con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos

termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento de lingua galega).

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da Lingua Galega, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega, de conformidade ao previsto na base décima.

g) Ter ingresado na conta bancaria do Concello de Monterroso, a cantidade fixada como dereitos de exame, de conformidade coa base 6.^a das Bases Xerais

CUARTA.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN.

1. As persoas interesadas en participar na convocatoria e proceso selectivo deberán presentar a súa solicitude no modelo que figura como Anexo I destas bases, no Rexistro Xeral do Concello de Monterroso, na sede electrónica ou na forma establecida no artigo 16 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na forma e no prazo establecido na base quinta das Bases Xerais.

2. Ás solicitudes de participación (Anexo I) deberá xuntárselles a seguinte documentación:

a) Copia do DNI, pasaporte ou identificativo equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade da persoa aspirante.

b) Copia do título requirido para participar nesta convocatoria, ou documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión do mesmo, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias.

c) Copia de documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias, do nivel coñecemento da lingua galega requirido (CELGA 2 ou equivalente).

d) Relación dos méritos alegados polas persoas aspirantes para a súa valoración na fase de concurso, xunto con copia da documentación acreditativa destes, segundo o previsto na base décimo segundo das Bases Xerais.

e) Xustificante de abono dos dereitos de exame

Non se terán en conta, nin serán obxecto de valoración, aqueles méritos que non teñan sido achegados nin debidamente acreditados, na forma e con arranxo aos criterios e prazo sinalados nestas bases. Así, aqueles que se acheguen ou acrediten fóra de prazo sinalado, non serán susceptibles de valoración; sen prexuízo dos supostos excepcionais nos que,

previo acordo expreso do Tribunal, se poida requirir aclaración, documentación/información aclaratoria e/ou adicional sobre outra anterior achegada en prazo.

4. A antedita acreditación documental realizarase mediante a achega de copias simples, sen necesidade de cotexo das mesmas; sen prexuízo de que, ao abeiro do disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (ou aqueloutras previsións normativas análogas/concordantes e/ou substitutivas), se poida requirir a posterior presentación de documentación/información orixinal e o cotexo.

5. O prazo de presentación de instancias/solicitudes de participación será de o sinalado na base quinta das Bases Xerais.

QUINTA.-DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

1. O sistema selectivo empregado será o concurso-oposición, que se desenvolverá coa arranxo ao especificamente sinalado a continuación, así como ao disposto, con carácter básico e xeral, nas Bases Xerais.

FASE DE CONCUSO (40 PUNTOS):

A. Servizos prestados como persoal laboral temporal ou funcionario/a interino/a no posto de traballo de operario de servizos múltiples **máximo de 36 puntos**:

a) Servizos prestados como persoal laboral temporal ou funcionario/a interino/a no posto de traballo de auxiliar administrativo durante un período mínimo de 5 anos de maneira ininterrompida nesta entidade local, convocante do proceso, a razón de 0,63 puntos por mes completo traballado.

b) Servizos prestados como persoal laboral temporal ou funcionario/a interino/a no posto de traballo de auxiliar administrativo na administración sin que cumpra o requisito de mínimo 5 anos de maneira ininterrompida na administración convocante ou en calquera outra administración local ou noutras administración ou sector público con competencia neste servizo, a razón de 0,07 puntos por mes completo traballado.

c) Servizos prestados como persoal laboral temporal ou funcionario/a interino/a noutras prazas ou postos de traballo ou noutras categorías profesionais nesta entidade local, convocante do proceso, a razón de 0,05 puntos por mes completo traballado.

d) Servizos prestados como persoal laboral temporal ou funcionario/a interino/a noutras prazas ou postos de traballo ou noutras categorías profesionais outra administración local, noutras administracións sector público a razón de 0,03 puntos por mes completo traballado.

Non se valorarán os servizos prestados como persoal eventual, becario/a, bolseiro/a, nin os contratos de arrendamento de servizos, nin as prácticas curriculares para a obtención de titulacións académicas.

Entenderase por mes completo traballado trinta días naturais, desprezándose e non acumulándose as fraccións.

Se os contratos fosen a tempo parcial computarán proporcionalmente ao número de horas desenvolvidas, conforme apareza no informe da vida laboral.

B. Cursos de formación, ata un **máximo de 4 puntos**.

Valoraranse os cursos que aporten os candidatos/as na forma que se indica a continuación:

a) Pola realización de cursos de formación relacionados co posto de traballo auxiliar administrativo

Puntuación: 0,10 puntos por cada hora de curso.

Só computarán os cursos acreditados na data de finalización de presentación de solicitudes.

FASE DE OPOSICIÓN (60 PUNTOS):

Consistirá nunha única proba tipo test con catro respostas e unha válida, as erróneas ou en branco non penalizan. Non terá carácter eliminatorio.

PROBA DE GALEGO. Os/as aspirantes que non acrediten posuír o nivel de coñecemento de galego requirido deberán realizar unha proba que consistirá en traducir do castelán ao galego, nun tempo máximo de 30 minutos e sen axuda de dicionario, un texto facilitado polo Tribunal acorde ás características funcionais da vacante convocada.

Os/as aspirantes serán cualificados como apto/a ou non apto/a; quedarán eliminados do proceso selectivo aqueles/as aspirantes que non acaden a cualificación de aptos.

INSTANCIA DE PARTICIPACIÓN (ANEXO I)

D.^a _____, con
 data de nacemento _____, con DNI núm. _____ e con domicilio en

 _____, C.P. _____ (teléfono _____; correo
 electrónico _____)
 _____) ante o Sra. alcaldesa do Concello de Monterroso, COMPARECE e DI:

a) Que coñece e acepta as bases do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal funcionario, da praza de auxiliar administrativo por concurso-oposición, incluída na OEP do Concello de Monterroso do ano 2022 para a estabilización do emprego temporal.

b) Que desexa ser admitido ás probas selectivas convocadas.

c) Que reúne todos e cada un dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria e que aporta a documentación esixida para ó efecto.

d) Que adxunta á presente:

– Fotocopia do DNI ou pasaporte.

_ Fotocopia título habilitante

– Fotocopia acreditativa de posuír o CELGA 2 ou título equivalente (só para aqueles aspirantes que desexen acreditar de estar exentos da proba da lingua galega).

– Xustificante do pagamento da taxa por dereito de exame.

– Acreditación dos méritos baremados para a valoración da fase de concurso.

e) Que declara responsablemente non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparme inhabilitado para o exercicio da función pública por sentenza firme.

f) Que declara responsablemente non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade có disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Por todo o exposto SOLICITA que se teña por presentada esta solicitude e sexa admitido ás probas selectivas indicadas na letra a)

En _____, __ de _____ de 20__

Asdo.: _____

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE MONTERROSO

ANEXO II TEMARIO

1. A Constitución: estrutura e contido. Principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais. As súas garantías.
2. goberno e a administración. Principios de actuación da administración pública. A administración xeral do Estado. As Comunidades autónomas: especial referencia aos Estatutos de Autonomía. A administración Local.
3. municipio: concepto e elementos. O termo municipal. A poboación: especial referencia ao empadramento. A organización. Competencias municipais.
4. A relación xurídica-administrativa. Concepto. Suxeitos: a Administración e o administrado. Capacidade e representación. Dereitos do administrado. Os actos xurídicos
5. Acto administrativo: concepto, clases e elementos. Requisitos dos actos administrativos: motivación, notificación e publicación. Eficacia dos actos administrativos. Validez dos actos administrativos. Revisión dos actos administrativos: de oficio y en vía de recurso administrativo.
6. Procedemento administrativo: consideracións xerais. As fases de procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e terminación. Dimensión temporal do procedemento. Referencia aos procedementos especiais.
7. Especialidades do procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Funcionamento dos órganos colexiados locais; réxime de sesións e acordos. Actas e certificacións de acordos. As resolucións do presidente da corporación.
8. Persoal ao servizo da Administración Pública segundo o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro: Clases. Adquisición e perda da condición de funcionario. Situacións administrativas. Dereitos dos empregados públicos. Réxime disciplinario.
9. A protección de datos de carácter persoal. Regulación e definicións. Principios da protección de datos. Dereitos das persoas. A axencia española de protección de datos.
10. O correo electrónico: conceptos e funcionamento. Enviar, recibir, responder, reenviar mensaxes. Creación de mensaxes. Libreta de direccións. Sistemas de Rexistro na Administración Pública.

BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA E PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, MEDIANTE PERSOAL LABORAL FIXO, DUNHA PRAZA DE AUXILIAR DE COCIÑA A TEMPO PARCIAL PARA ESCOLA INFANTIL, INCLUÍDA NA OEP DO CONCELLO DE MONTERROSO DO ANO 2022 PARA ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL

PRIMEIRA.-OBJECTO E PREVISIÓNS XERAIS.

1. A presentes bases teñen por obxecto a regulación da convocatoria e proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha praza de auxiliar de cociña para escola infantil, que ten sido obxecto de inclusión, para quenda libre, na súa oferta de emprego público do ano 2022 para estabilización de emprego temporal aprobadas por Resolución da Alcaldía n.º 2022-0295, do 30/05/2022 (BOP n.º 123, do 31/05/2022, e no DOG n.º 120, do 23/06/2022).

Apróbanse ao amparo e en desenvolvemento do disposto, con carácter xeral e básico, nas bases xerais reguladoras das convocatorias e procesos selectivos para a cobertura, das vacantes incorporadas na OEP de estabilización de emprego do ano 2022, ás que se adecuarán e remitirán en todo o non especificamente previsto.

2. O sistema selectivo empregado será o concurso, que se desenvolverá con arranxo ao previsto nas presentes bases específicas e, no que proceda, nas anteditas Bases Xerais.

SEGUNDA.-CARACTERÍSTICAS DA PRAZA CONVOCADA.

Clase de persoal: persoal laboral fixo.

Denominación: auxiliar de cociña para escola infantil.

Código RPT: PL46

Clasificación: AP

Funcións.-As correspondentes ao posto e servizo de adscrición, segundo RPT municipal e/ou instrumento organizativo equivalente e vixente en cada momento, e que resulten propias da capacitación profesional, formativa e/ou legal inherentes.

Retribucións.-As básicas propias do seu grupo/subgrupo de clasificación profesional, así como as complementarias fixadas, para o posto de adscrición correspondente, na RPT vixente (e sen prexuízo daquelas de índole persoal e/ou variables ás que, no seu caso, se poida ter dereito).

Xornada de traballo: parcial.

TERCEIRA.-REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Para tomar parte nesta convocatoria e proceso selectivo, as e os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes de participación:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do TREBEP, respecto do acceso ó emprego público de nacionais doutros estados.
- b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza ou posto a que aspira.
- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para

empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario no que estivese separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

e) Ter ingresado na conta bancaria do Concello de Monterroso, a cantidade fixada como dereitos de exame, de conformidade coa base 6.ª das Bases Xerais

f) Posuír o carné de manipulador de alimentos

CUARTA.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN.

1. As persoas interesadas en participar na convocatoria e proceso selectivo deberán presentar a súa solicitude no modelo que figura como Anexo I destas bases, no Rexistro Xeral do Concello de Monterroso, na sede electrónica ou na forma establecida no artigo 16 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na forma e no prazo establecido na base quinta das Bases Xerais.

2. Ás solicitudes de participación (Anexo I) deberá xuntárselles a seguinte documentación: I

- a) Copia do DNI, pasaporte ou identificativo equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade da persoa aspirante.

b) Copia de carné de manipulador de alimentos.

c) Relación dos méritos alegados polas persoas aspirantes para a súa valoración na fase de concurso, xunto con copia da documentación acreditativa destes, segundo o previsto na base décimo segundo das Bases Xerais.

d) Xustificante de abono dos dereitos de exame

Non se terán en conta, nin serán obxecto de valoración, aqueles méritos que non teñan sido achegados nin debidamente acreditados, na forma e con arranxo aos criterios e prazo sinalados nestas bases. Así, aqueles que se acheguen ou acrediten fóra de prazo sinalado, non serán susceptibles de valoración; sen prexuízo dos supostos excepcionais nos que, previo acordo expreso do Tribunal, se poida requirir aclaración, documentación/información aclaratoria e/ou adicional sobre outra anterior achegada en prazo.

4. A antedita acreditación documental realizarase mediante a achega de copias simples, sen necesidade de cotexo das mesmas; sen prexuízo de que, ao abeiro do disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (ou aqueloutras previsións normativas análogas/concordantes e/ou substitutivas), se poida requirir a posterior presentación de documentación/información orixinal e o cotexo.

5. O prazo de presentación de instancias/solicitudes de participación será de o sinalado na base quinta das Bases Xerais.

QUINTA.-DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

1. O sistema selectivo empregado será o concurso, que se desenvolverá coa arranxo ao especificamente sinalado a continuación, así como ao disposto, con carácter básico e xeral, nas Bases Xerais.

Os méritos a valorar e as súas puntuacións son os seguintes:

Total méritos: 100 puntos

A. Servizos prestados como persoal laboral temporal ou funcionario/a interino/a no posto de traballo de peón/operario/oficial grupo municipal de emerxencias supramunicipal **máximo de 90 puntos**:

a) Servizos prestados como persoal laboral temporal ou funcionario/a interino/a no posto de traballo de auxiliar de cociña a tempo parcial na escola infantil de maneira ininterrompida durante un período mínimo de 7 anos nesta entidade local, convocante do proceso, a razón de 0,94 puntos por mes completo traballado.

b) Servizos prestados como persoal laboral temporal ou funcionario/a interino/a no posto de traballo de auxiliar de cociña na escola infantil na entidade convocante si que cumpra os 7 anos ininterrompidamente ou en calquera outra administración local ou noutras administración ou sector público con competencia neste servizo, a razón de 0,30 puntos por mes completo traballado.

c) Servizos prestados como persoal laboral temporal ou funcionario/a interino/a noutras prazas ou postos de traballo ou noutras categorías profesionais nesta entidade local, convocante do proceso, a razón de 0,22 puntos por mes completo traballado.

d) Servizos prestados como persoal laboral temporal ou funcionario/a interino/a noutras prazas ou postos de traballo ou noutras categorías profesionais outra administración local, noutras administracións sector público a razón de 0,06 puntos por mes completo traballado.

Non se valorarán os servizos prestados como persoal eventual, becario/a, bolseiro/a, nin os contratos de arrendamento de servizos, nin as prácticas curriculares para a obtención de titulacións académicas.

Entenderase por mes completo traballado trinta días naturais, despregándose e non acumulándose as fraccións.

A prestación de servizos a tempo parcial computarase en base ao tempo de xornada da praza que se convoca.

B. Cursos de formación, ata un **máximo de 10 puntos**.

Valoraranse os cursos que aporten os candidatos/as na forma que se indica a continuación:

a) Pola realización de cursos de formación relacionados co posto de traballo educador familiar

Puntuación: 0.10 punto por cada hora de curso.

Só computarán os cursos acreditados na data de finalización de presentación de solicitudes.

INSTANCIA DE PARTICIPACIÓN (ANEXO I)

D.^a _____, con
 data de nacemento _____, con DNI núm. _____ e con domicilio en

C.P. _____ (teléfono _____; correo electrónico _____) ante
 o Sra. alcaldesa do Concello de Monterroso, COMPARECE e DI:

a) Que coñece e acepta as bases do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, da praza de auxiliar de cociña para escola infantil, incluída na OEP do Concello de Monterroso do ano 2022 para a estabilización do emprego temporal.

b) Que desexa ser admitido ás probas selectivas convocadas.

c) Que reúne todos e cada un dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria e que aporta a documentación esixida para ó efecto.

d) Que adxunta á presente:

– Fotocopia do DNI ou pasaporte.

_ Carné de manipulador de alimentos

-- Xustificante do pagamento da taxa por dereito de exame.

– Acreditación dos méritos baremados para a valoración da fase de concurso.

e) Que declara responsablemente non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparme inhabilitado para o exercicio da función pública por sentenza firme.

f) Que declara responsablemente non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade có disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Por todo o exposto SOLICITA que se teña por presentada esta solicitude e sexa admitido ás probas selectivas indicadas

na letra a)

En _____, de _____ de 20__

Asdo.: _____

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE MONTERROSO

1. **Cláusula de primeira capa**

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámoslle que o responsable de tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Monterroso con dirección en Praza de Galicia, nº 1, CP 27560, en Monterroso (Lugo). Os seus datos persoais serán empregados para a xestión do expediente administrativo solicitado por vostede a través do presente formulario. Os seus datos persoais cederanse cando exista unha obriga legal para cedelos. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita na dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello: <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0>

2. **Información adicional de protección de datos**

Tratamento	XESTIÓN DE EXPEDIENTES ADMINISTRATIVOS
Responsable	Concello de Monterroso, Praza de Galicia, nº1, CP 27560, en Monterroso; correo electrónico: concello.monterroso@eidolocal.es ; teléfono: 982 37 70 01
Datos Delegado de Protección de Datos	Nome do Delegado de Protección de Datos: Computer-3, S.L.U. Correo electrónico: dpd@computer-3.com ; teléfono: 982 28 40 50
Finalidade e prazos de conservación	Xestión dos expedientes administrativos que se xeran no Concello, tramitación de instancias e/ou solicitudes administrativas formuladas ao Concello. Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recabaron e para determinar posibles responsabilidades que puidieran derivarse da dita finalidade e/ou tratamento de datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivo e documentación no sector público. Os seus datos non se utilizarán para elaborar decisións automatizadas.
Lexitimación do tratamento	A base legal para o tratamento dos seus datos é o cumprimento dunha obriga legal regulada na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimiento Administrativo Común das Administraciones Públicas.
Destinatarios dos datos	Os seus datos persoais serán cedidos aos órganos administrativos do Concello, aos que se dirixa a súa solicitude e, no seu caso, aos que teñan competencia sobre o asunto formulado segundo a Lei 39/2015.
Dereitos das persoas interesadas	Calquera persona ten dereito a obter confirmación sobre se no Concello de Monterroso se están a tratar datos persoais que lle concernan, ou non. As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos. Para iso as solicitudes de exercicios de dereitos poden dirixirse ao Registro de Entrada do Concello de Monterroso, Praza de Galicia, nº1, CP 27560, en Monterroso, ou a través dos formularios dispoñibles en https://monterroso.sedelectronica.es/info.0 (Protección de datos). Se considera que algún dos dereitos anteriormente mencionados non se respeta, vostede terá dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos. (https://www.agpd.es/portaIwebAGPD/index-ides-idphp.php)

BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA E PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, MEDIANTE PERSOAL LABORAL FIXO, DE DÚAS PRAZA DE AUXILIAR DE COCIÑA -REPARTIDOR, INCLUÍDA NA OEP DO CONCELLO DE MONTERROSO DO ANO 2022 PARA ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL**PRIMEIRA.-OBJECTO E PREVISIÓNS XERAIS.**

1. A presentes bases teñen por obxecto a regulación da convocatoria e proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, de dúas prazas de auxiliar de cociña-repartidor, que ten sido obxecto de inclusión, para quenda libre, na súa oferta de emprego público do ano 2022 para estabilización de emprego temporal aprobadas por Resolución da Alcaldía n.º 2022-0295, do 30/05/2022 (BOP n.º 123, do 31/05/2022, e no DOG n.º 120, do 23/06/2022).

Apróbanse ao amparo e en desenvolvemento do disposto, con carácter xeral e básico, nas bases xerais reguladoras das convocatorias e procesos selectivos para a cobertura, das vacantes incorporadas na OEP de estabilización de emprego do ano 2022, ás que se adecuarán e remitirán en todo o non especificamente previsto.

2. O sistema selectivo empregado será o concurso, que se desenvolverá con arranxo ao previsto nas presentes bases específicas e, no que proceda, nas anteditas Bases Xerais.

SEGUNDA.-CARACTERÍSTICAS DA PRAZA CONVOCADA.

Clase de persoal: persoal laboral fixo.

Denominación: auxiliar de cociña - repartidor.

Código RPT: PL45, PL 44

Clasificación ; AP

Funcións.-As correspondentes ao posto e servizo de adscrición, segundo RPT municipal e/ou instrumento organizativo equivalente e vixente en cada momento, e que resulten propias da capacitación profesional, formativa e/ou legal inherentes.

Retribucións.-As básicas propias do seu grupo/subgrupo de clasificación profesional, así como as complementarias fixadas, para o posto de adscrición correspondente, na RPT vixente (e sen prexuízo daquelas de índole persoal e/ou variables ás que, no seu caso, se poida ter dereito).

Xornada de traballo: completa.

TERCEIRA.-REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Para tomar parte nesta convocatoria e proceso selectivo, as e os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes de participación:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do TREBEP, respecto do acceso ó emprego público de nacionais doutros estados.
- b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza ou posto a que aspira.
- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para

empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario no que estivese separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

e) Ter ingresado na conta bancaria do Concello de Monterroso, a cantidade fixada como dereitos de exame, de conformidade coa base 6.ª das Bases Xerais

f) Posuír o carné de manipulador de alimentos

d) Estar en posesión do carne de conducir tipo B

CUARTA.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN.

1. As persoas interesadas en participar na convocatoria e proceso selectivo deberán presentar a súa solicitude no modelo que figura como Anexo I destas bases, no Rexistro Xeral do Concello de Monterroso, na sede electrónica ou na forma establecida no artigo 16 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na forma e no prazo establecido na base quinta das Bases Xerais.

2. Ás solicitudes de participación (Anexo I) deberá xuntárselles a seguinte documentación: I

a) Copia do DNI, pasaporte ou identificativo equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade da persoa aspirante.

- b) Copia de carné de manipulador de alimentos.
- c) Copia de carné de conducir
- d) Relación dos méritos alegados polas persoas aspirantes para a súa valoración na fase de concurso, xunto con copia da documentación acreditativa destes, segundo o previsto na base décimo segundo das Bases Xerais.
- e) Xustificante de abono dos dereitos de exame

Non se terán en conta, nin serán obxecto de valoración, aqueles méritos que non teñan sido achegados nin debidamente acreditados, na forma e con arranxo aos criterios e prazo sinalados nestas bases. Así, aqueles que se acheguen ou acrediten fóra de prazo sinalado, non serán susceptibles de valoración; sen prexuízo dos supostos excepcionais nos que,

previo acordo expreso do Tribunal, se poida requirir aclaración, documentación/información aclaratoria e/ou adicional sobre outra anterior achegada en prazo.

4. A antedita acreditación documental realizarase mediante a achega de copias simples, sen necesidade de cotexo das mesmas; sen prexuízo de que, ao abeiro do disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (ou aqueloutras previsións normativas análogas/concordantes e/ou substitutivas), se poida requirir a posterior presentación de documentación/información orixinal e o cotexo.

5. O prazo de presentación de instancias/solicitudes de participación será de o sinalado na base quinta das Bases Xerais.

QUINTA.-DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

1. O sistema selectivo empregado será o concurso, que se desenvolverá coa arranxo ao especificamente sinalado a continuación, así como ao disposto, con carácter básico e xeral, nas Bases Xerais.

Os méritos a valorar e as súas puntuacións son os seguintes:

Total méritos: 100 puntos

